



CONCURSO POSTAIS DE NADAL



Bases do concurso de postais navideñas de Tanxedoira.

- Establécense dúas categorías:
Xoves, até 14 anos
Adultos, maiores de 14.
- As postais poderán se entregadas en calquera formato, aínda que é preferíbel o formato DIN A5. Tampouco existe ningunha restricción canto á cor.
- Poderase facer entrega do sobre participante no local social da entidade ou a través de correo postal: Asociación Cultural Tanxedoira, C/ Azahar Bloque 6-8, 15008, A Coruña. Ademais tamén se poderá facer entrega das postais participantes a través de Internet, entregando os mesmos datos na dirección: ACTanxedoira@gmail.com
- A entrega das postais participantes que se fagan por correo ordinario realizarase nun sobre pechado, en cuxo exterior indicárase o nome ou pseudónimo do autor. Dentro do sobre figurarán tamén os datos persoais do autor (nome completo, dirección postal, teléfono, correo electrónico e data de nacemento. Ademais, tamén deberá aparecer o título que o autor lle outorga á súa obra. No caso de facer o envío por correo electrónico, todos estes datos deberán aparecer nun arquivo adxunto en formato .DOC
- O prazo de entrega das postais será establecido pola Xunta Directiva e a vocalía de Cultura da Asociación Tanxedoira. O día sinalado é sete días antes do Festival de Nadal.
- O xuri estará integrado por tres persoas, onde un deles, ao menos, terá experiencia no campo do debuxo, a pintura e/ou a fotografía. Elexirán ao mellor por maioría, aínda que ten a posibilidade de declarar o premio deserto.
- O luns da mesma semana do Festival de Nadal comunicaráse ao gañador a decisión do xuri. Ademais, farase oficial nese mesmo festival.
- A Directiva resérvase o dereito de empregar as postais participantes no concurso. De feito, a gañadora poderá ser empregada como representante de Tanxedoira ante outras entidades e os seus asociados, se así o consideran oportuno, tanto eles como o xuri.